

Día das
Letras Galegas

Novoneyra, 2010

Clásico e Mito

O poeta radical da vida

FRAN ALONSO

Xulio Valcárcel conta que para os poetas novos dos anos 70, Novoneyra era xa todo un mito. Non sei se a finais dos 80 eu o percibía como un mito pero, naqueles anos de fascinación pola poética de Rompente, seguramente viámolo máis como un clásico. Certo; daquela, Novoneyra era xa un verdadeiro clásico. El era Literatura Galega. En torno a 1987, cando eu estudaba 4º de carreira, tiña que realizar un traballo de investigación de tema libre. A miña elección estaba clara: un estudo etimolóxico da toponimia do Courel que aparecía no poema "Hein d'ir o Pía Páxaro i a Boca do Faro". Aquel intenso poema de Uxío Novoneyra conseguía emotividade e unha forte carga simbólica só co nomeamento sucesivo dos topónimos que pertencían á xeografía íntima do poeta. Eu sentía especial devoción por ese poema. De feito, fotocopiáralo e ampliáralo do meu exemplar de *Os Eidos*. Un compañeiro de piso ilustráralo sobre a propia fotocopia e aquel poema adornou sempre as estragadas e húmidas paredes do meu cuarto da Rúa San Pedro.

Non debeu ser moito despois cando vin recitar, por primeira vez, a Novoneyra. Fora no auditorio de Caixa Galicia en Compos-tela. A súa intervención non nos deixara indiferentes. Con aquela voz fondísima, poderosa, intestinal, e modulada ata o límite, foi lendo, de folios soltos, os poemas que traía consigo. De primeiras, parecíanos excesivo, por inesperado, por esaxerado, por inaudito, porque non estábamos

afeitos a que se puidese recitar a poesía dese xeito. Ora, tamén saímos de alí impactados e engaiolados coa súa habilidade para a recreación vocal, coa súa forma de declamar e xesticular, co seu xeito de enfatizar, coa súa capacidade de transmitir máis alá do textual. Para min foi abraiante, nun momento en que eu concibía e reivindicaba a poesía só como palabra escrita, como creación textual.

Tamén naqueles días asistira a varios recitais de Ronseltz, uns rapaces que recitaban os poemas polos bares, meténdose con Uxío Novoneyra, sen que ningún os tomase en serio aínda que fixesen rir moito ao público. E, con todo, alí nacía a esencia dunha nova concepción da poesía, irónica e desacralizadora, coa que Uxío chocou frontalmente. O poeta do Courel, que vía na poesía a verdade, a experiencia vital e total, a autenticidade, a intensidade extrema, convenceuse, vendo aquilo, de que moitos poetas galegos lle perderan o respecto á poesía. Resultaba lóxico en alguén que forxara os seus versos como certeza, como fidelidade e liberación persoal e social nun tempo de tristeza, de enfermidade, de represión, de pobreza, de ditadura.

Como poeta, Novoneyra puxo a literatura galega en órbita, lanzándoa contra o universo literario e social do seu tempo. Foi un creador radical, que asumiu unha visión vital da poesía e en función diso escribiu e viviu. E escribiu como viviu: nun proceso permanentemente aberto de recreación, de purificación, de corrección, de reinterpretación, porque a súa obra non se pechou ata o mesmo intre en que se pechou a súa vida.

